

Orde do Día Proposta da sesión /XGL/50/2020

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **06 de xullo de 2020, ás 10:00 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de actas de sesións anteriores.
- 2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza de obras para reforma de nave industrial e de apertura de lavandería na Vía Pasteur, 17. LAP/527/2019.
- 3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza de obras para construción de edificación destinada a hostel na rúa Vite de Abaixo, 41. LAP/582/2019.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para reforma e ampliación de vivenda situada no lugar de O Ganoso, 11. LIC/2103/2019.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión libre de cargas dunha parcela destinada a viario formalizada en escritura pública; e conceder a agrupación de dúas parcelas para a súa segregación con configuración máis axeitada, sitas no lugar de Ponte Alvar, s/n. LIC/1626/2019.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á ampliación de horario de peche dos locais da Asociación Hostelería Compostela durante as festas do Apóstolo e San Roque de 2020.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do cambio de sistema de actuación e dos Proxectos de estatutos e bases de actuación da área de execución integral D (AEI-D) do PERI-2. Conxo. XPL/6/2020.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do cambio de sistema de actuación e dos Proxectos de estatutos e bases de actuación da área de execución integral B (AEI-B) do PERI-2. Conxo. XPL/7/2020.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle para a mellora de accesibilidade e das condicións xerais das edificacións do Grupo de Vivendas Diego Xelmírez. PLA/8/2020.

10.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Persoal relativa á aprobación da oferta de emprego do concello de Santiago para 2020.

11.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

12.- Convalidación de gastos por mor de contratos menores por razón da contía.

13.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais relativas á aprobación de convenios con entidades de carácter social.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras, relativa á aprobación do proxecto de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE E INTEGRACIÓN DO APARCADOIRO MUNICIPAL EN SUPERFICIE DO PARQUE DE BELVÍS".


15.- Proposta da alcaldía relativa á aceptación da subvención da Xunta de Galicia para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, anualidade 2020.

16.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza por mor dos "servizos para a execución de operacións de conservación, reparacións, pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago".

17.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza por mor do "subministro de enerxía eléctrica en baixa e media tensión do Concello de Santiago de Compostela".

18.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza por mor do "servizo de xestión e desenvolvemento das escolas municipais de verán 2019. Programa de conciliación do departamento de educación e cidadanía do Concello de Santiago".

19.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza por mor do "servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

municipais do termo municipal de Santiago de Compostela -
Campaña Complementaria 2018-".

20.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda
relativa á devolución de fianza por mor do "subministro de
vehículo lixeiro contraincendios, mediante RENTING con opción
de compra, para o Concello de Santiago".

21.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

22.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 03 de xullo de 2020

O Alcalde

Asdo:Xosé A. Sánchez Bugallo